

Vigo, 19 de Mayo de 1981.

V. Paz Andrade  
Abogado

Ribeiro Sarriena, 22. C. 211502  
Vigo

Sr. Don

LUIS TOBIO  
Escritor  
Bonetero, 5  
MADRID-16

Querido Luis:

Conservo a dirección tua, que sin seguranza utilizo. Ogallá o Argos postal non teñan aínda perdido as vistas.

Estóu traballando n-un libro, Castelao na luz e na Sombra. Como estamos en risco de esmorecemento total os que fomos seus amigos, sin que despois de tantos anos ninguén lle me tera o dente o unha verdadeira e completa biografía, botei as costas tan eisixente obriga. Levo redactados vinte e tantos capítulos, e ando no adicado as actuacións de Castelao no Uruguay.

Os nosos amigos de Montevideo, principalmente Meillán, brindaronme a súa axuda. Que non e tan completa como desexaran. Podés ti fornecerme algúns datos complementarios, senon son fundamentais?. Por exemplo, os seguintes:

A) 05/12/1940 dá unha primeira conferencia, na Casa de Galicia. Sobre qué falou? Quen fixo a presentación?. Foi no local social ou en outro?.

B) O día 8 domingo, do mesmo mes, xantar ofrecido pol-a Casa de Galicia. No local social ou en outro?. Quen falou ofrecendo o acto? Falaron algúns mais, aparte o festexado?.

C) Entre o 5 e o 8 tuvo Castelao algunha actuación no Uruguay? En que hotel parou en Montevideo?.

D) O 18 de abril de 1943, discurso no Estadio Centenario. Entre unha data e outra, non voltou Castelao a Montevideo?. Despois do mitin celebróuse algún xantar aos oradores?.

E) O 15 de Nov. de 1944 constituíuse o Consello de Galicia en Montevideo, que xa funcionaba en Buenos Aires. Incorporáronse lle algúns membros de residentes no Uruguay?.

F) Do 10 ao 25 de xunio de 1945, exposición das estampas que se editaron nos albums da Guerra. En que local. Falou algún no acto?.

G) O 30 de xunio de 1945 acto conmemorando a votación do Estatuto. Quen mais falou? Onde foi celebrado?.

H) Xantar do 10 de jul. de 1945. Quen falou no ofrecimento ou nos brindis?.

I) Calquera outro dato que deba ser lembrado das estancias de Castelao no Uruguay.

Supoño que na derradeira estancia de Castelao en Buenos Aires -1946-1950- non voltou a Montevideo. Do libro de Palmás e o de Zubillaga, dispoño xa.

Perdóame ésta angueira, e recibe o meu afervoado agradecimento, con a mais forte aperta de,

*Valentín*

*Olhar na colección a 'El hin'*  
*como doada pois teñense as*  
*datos. Pode facer Meillán, Coa-*  
*ceiro ou Cresta. ou algún dos*  
*rapaces novos*  
*da autría.*  
*S. en G. ou*  
*no Patronato.*

*Presidencia En*